

IES Nº 1 DE RIBEIRA
DEPARTAMENTO DE LATÍN
ADAPTACIÓNS DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019-2020

A declaración do estado de alarma mediante o Real Decreto 463/2020 comportou a suspensión da actividade educativa presencial en todos os centros. Esta suspensión da actividade lectiva presencial provocou unha brusca alteración do progreso do curso escolar obrigando a dar continuidade á actividade lectiva a través doutras modalidades de ensino e aprendizaxe. Imponse a necesidade de recorrer a actividades a distancia que se combinarían, de darse a ocasión segundo evolucione a situación sanitaria, coas presenciais durante o terceiro trimestre.

Entre o alumnado matriculado na materia de latín en 4ºESO y 1º y 2º de Bach non se identificou ningún alumno desconectado ou non localizable, aínda que non todos responden co mesmo interese e regularidade no seguimento das actividades a distancia.

4ºESO

APRENDIZAXES E COMPETENCIAS:

Con respecto a aprendizaxes e competencias, ao longo dos dous primeiros trimestres respectouse e cumpriuse integramente co previsto na programación. Isto permitiu ao alumnado coñecer o funcionamento gramatical básico da lingua latina (especialmente o funcionamento dos casos e as tres primeiras declinacións e os aspectos esenciais do sistema verbal concretado nos tempos de indicativo do sistema de presente, así como a mecánica básica da tradución), adquiriu nocións elementais sobre aspectos da civilización latina, berce da Europa actual (marco xeográfico, principais fitos históricos, principais estruturas sociopolíticas), aprendeu o papel da lingua e cultura latinas como orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental, estudou aspectos básicos do proceso de evolución que transforma a lingua latina nas linguas castelá e galega.

Entendendo que a materia de Latín en 4º persegue introducir o alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas e que este é o primeiro contacto coa lingua latina no seu percorrido académico, o departamento de Latín acordou dedicar o terceiro trimestre a reforzo e repaso do estudado anteriormente e prescindir de ampliar contidos. A **metodoloxía de traballo** consiste en propoñerlle ao alumnado tarefas de reforzo e repaso a través da aula virtual. Estas actividades permiten, nuns casos, a autocorrección e, noutros, deben ser remitidas debidamente cumprimentadas dentro do prazo indicado e servirán de **instrumento para avaliar o traballo e o progreso do alumnado por parte da profesora**.

O alumnado que opte por proseguir a súa formación cursando o Bacharelato e opte pola materia de Latín terá a oportunidade en cursos sucesivos de completar o que non se puido traballar no presente curso académico, xa que 4º é un curso de carácter introdutorio e todos os contidos programados repásanse e profúndase neles no 1º curso de Bacharelato.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO:

A avaliación e cualificación realizarase esencialmente sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso en base aos procedementos, instrumentos e criterios contemplados na programación; as actividades de reforzo e recuperación realizadas ao longo do terceiro trimestre repercutirán na cualificación final do curso sempre de xeito positivo.

Para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria terase en conta o seguinte:

-Cando a cualificación do segundo trimestre sexa superior á do primeiro trimestre, tomarase como referencia a do 2º trimestre, que poderá verse mellorada ata nun máximo de 2 puntos polo traballo realizado polo alumnado ao longo do 3º trimestre.

-Cando a cualificación do segundo trimestre sexa inferior á do primeiro trimestre, realizarase a media das cualificacións dos dous trimestres. O resultado desa media poderá verse mellorada ata nun máximo de 2 puntos polo traballo realizado polo alumnado ao longo do 3º trimestre.

Aquel alumnado que teña a 1ª e 2ª avaliación non superada e, unha vez cursada a 3ª, siga sen acadar a cualificación mínima para superar a materia, terá a posibilidade de recuperala mediante una proba

de recuperación similar aos exames realizados durante os dous primeiros trimestres, na que só se incluíra a materia traballada en clase no 1º e 2º trimestre. Se a situación sanitaria non permitira a realización dunha proba presencial, recorreríase a probas telemáticas ou presentación de traballo.

1º BACHARELATO DIÚRNO E DE ADULTOS

APRENDIZAXES E COMPETENCIAS:

Durante os dous primeiros trimestres traballáronse os seguintes contidos, organizados por bloques, tal como reflicte a programación do departamento

- **BLOQUE 1: O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES**
O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.
Orixe. Evolución e etapas do latín. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
Linguas de España: linguas romances e non romances.
Marco xeográfico da lingua latina.
Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.
- **BLOQUE 2: SISTEMA DA LINGUA LATINA, ELEMENTOS BÁSICOS**
Orixes da escritura. Sistemas de escritura.
Orixe e evolución do alfabeto latino. Pronuncia do latín.
- **BLOQUE 3: MORFOLOXÍA**
Formantes das palabras
Tipos de palabras: variables e invariables
Concepto de declinación e conxugación.
Flexión nominal (substantivos, adxectivos en grao positivo, comparativo e superlativo)
Flexión verbal (tempos do sistema de presente na voz activa)
Uso das preposicións
- **BLOQUE 4: SINTAXE**
Elementos da oración.
Casos latinos.
Concordancia.
Oración simple: oracións atributivas e predicativas.
- **BLOQUE 5: ROMA, HISTORIA, CULTURA, ARTE E CIVILIZACIÓN**
Períodos da historia de Roma
Organización política e social de Roma.
Romanización de Hispania e da Gallaecia
Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios
- **BLOQUE 6: TEXTOS**
Análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica
Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.
Adquisición de técnicas de tradución.
Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.
- **BLOQUE 7: LÉXICO**
Vocabulario básico latino: léxico transparente, palabras de maior frecuencia.
Composición e derivación culta. Lexemas, prefixos e sufixos
Mantemento de elementos lingüísticos latinos.
Locucións latinas de uso actual.

Para o terceiro trimestre, o departamento acordou ampliar aquelas aprendizaxes considerados necesarios para a adecuada progresión do alumnado, partindo da base do aprendido ao longo dos dous trimestres anteriores e que requiren para a súa asimilación unha mínima intervención docente. En concreto:

- **BLOQUE 1: O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES**

Non ampliaremos aprendizaxes, limitándonos realizar exercicios de repaso e reforzo das nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán estudadas nos trimestres anteriores.

- BLOQUE 3: MORFOLOXÍA
Flexión verbal (tempos do sistema de presente en voz pasiva e sistema de perfecto en voz activa e pasiva)
Pronomes persoais, reflexivo, posesivos e demostrativos.
- BLOQUE 4: SINTAXE
A oración pasiva.
Oración composta: coordinación.
- BLOQUE 5: ROMA, HISTORIA, CULTURA, ARTE E CIVILIZACIÓN
Obras públicas e urbanismo
- BLOQUE 6: TEXTOS
Análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica
Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.
Adquisición de técnicas de tradución.
Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.

A metodoloxía de traballo consiste en proporcionarlle ao alumnado unha explicación clara dos contidos ampliados tomando sempre como punto de partida o estudado nos dous trimestres anteriores e propoñerlles exercicios de autocorrección para practicalos. Cando se considera que o alumnado tivo tempo suficiente para comprender e practicar eses contidos e consultar a través da aula virtual as dúbidas que se puideran presentar, a profesora propón exercicios que deben serlle remitidos unha vez realizados dentro do prazo indicado, para comprobar o grao de comprensión do traballado e que servirán de **instrumento de avaliación** do traballo no terceiro trimestre. Estes exercicios versan sobre os coñecementos ampliados e tamén sobre os adquiridos ao longo dos dous primeiros trimestres, de xeito que sirven ao mesmo tempo de reforzo e repaso e permiten que o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles teña a posibilidade de adquirilas e poida continuar o seu itinerario formativo. En caso de que a situación sanitaria o permita o alumnado deberá presentar todo o traballo realizado durante o período de suspensión da actividade lectiva presencial, incluídas as actividades de autocorrección, para a súa valoración e constituirán así mesmo un instrumento para avaliar ao alumno/-a. A ampliación das aprendizaxes toma como referentes os obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiren a mínima intervención docente.

A flexibilización do plan de traballo durante este período comporta a omisión de determinadas aprendizaxes e contidos que estaban contemplados na programación e que deberán ser incorporados na do vindeiro curso. Concretamente:

- BLOQUE 2:
Formas persoais do verbo.
Pronomes relativo, interrogativo, indefinido.
Numerais
- BLOQUE 3:
Oración composta: subordinación.
A subordinación adxectiva.
Construcións de infinitivo e de participio

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO:

A avaliación e cualificación realizarase esencialmente sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso en base aos procedementos, instrumentos e criterios contemplados na programación; as actividades de reforzo, recuperación e ampliación realizadas ao longo do terceiro trimestre repercutirán na cualificación final do curso sempre de xeito positivo.

Para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria terase en conta o seguinte:

-Cando a cualificación do segundo trimestre sexa superior á do primeiro trimestre, tomarase como referencia a do 2º trimestre, que poderá verse mellorada ata nun máximo de 2 puntos polo traballo realizado polo alumnado ao longo do 3º trimestre.

-Cando a cualificación do segundo trimestre sexa inferior á do primeiro trimestre, realizarase a media das cualificacións dos dous trimestres. O resultado desa media poderá verse mellorada ata nun máximo de 2 puntos polo traballo realizado polo alumnado ao longo do 3º trimestre.

Os instrumentos empregados para avaliar o traballo do alumnado no terceiro trimestre serán as tarefas remitidas á profesora durante ese período e tamén, se a situación sanitaria o permite, as actividades de autocorrección propostas que deberán ser presentadas na data indicada.

Aqueles alumnos/-as que, unha vez aplicados estes criterios, non acaden unha cualificación suficiente para superar a materia, poderán presentarse a unha proba de recuperación sempre que a situación sanitaria o permita. Esta proba incluírá só contidos traballados nos dous primeiros trimestres. Deberán presentar igualmente as actividades realizadas no terceiro trimestre, que sumarán ata un punto á cualificación obtida no exame de recuperación. No caso de que non fose posible realizar una proba presencial, recorreríase a medios telemáticos para avaliar o alumno/a mediante probas e traballos.

2º BACHARELATO DIÚRNO

APRENDIZAXES E COMPETENCIAS:

Durante os dous primeiros trimestres traballáronse os seguintes contidos, organizados por bloques, tal como reflicte a programación do departamento

- BLOQUE 1: O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES
Mantemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- BLOQUE 2: MORFOLOXÍA
Completo
- BLOQUE 3: SINTAXE
Completo
- BLOQUE 4: LITERATURA LATINA
Poesía épica
Historiografía
Oratoria e retórica
Poesía lírica
- BLOQUE 5: TEXTOS
Tradución e interpretación de textos latinos.
- BLOQUE 6: TEXTOS
Análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica
Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.
- BLOQUE 7: LÉXICO
Ampliación de vocabulario básico latino
Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.
Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e literaria.
Toponimia

Para o terceiro trimestre, o departamento acordou ampliar aquelas aprendizaxes consideradas necesarios para a adecuada progresión do alumnado e son obxecto de exame nas probas de acceso á Universidade. En concreto:

-Proseguir na práctica da análise morfolóxica e sintáctica e na tradución de textos de Eutropio.

-Completar as locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e literaria.

-Completar a toponimia.

-A comedia.

O alumnado ten á súa disposición o material necesario para a aprendizaxe dos contidos de carácter teórico (literatura, toponimia, locucións). A parte práctica (ánalise de textos e tradución) será traballada con textos proporcionados pola profesora. O alumnado ten a posibilidade de consultar as dificultades ou dúbidas que xurdan a través da aula virtual. Debe remitir semanalmente o traballo que se encomende que servirá de instrumento para avaliar o seu progreso.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO:

A avaliación e cualificación realizarase esencialmente sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso en base aos procedementos, instrumentos e criterios contemplados na programación. As actividades de reforzo, recuperación e ampliación realizadas ao longo do terceiro trimestre repercutirán na cualificación final do curso sempre de xeito positivo.

Para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria terase en conta o seguinte:

-Cando a cualificación do segundo trimestre sexa superior á do primeiro trimestre, tomarase como referencia a do 2º trimestre, que poderá verse mellorada ata nun máximo de 2 puntos polo traballo realizado polo alumnado ao longo do 3º trimestre.

-Cando a cualificación do segundo trimestre sexa inferior á do primeiro trimestre, realizarase a media das cualificacións dos dous trimestres. O resultado desa media poderá verse mellorada ata nun máximo de 2 puntos polo traballo realizado polo alumnado ao longo do 3º trimestre.

Os instrumentos empregados para avaliar o traballo do alumnado no terceiro trimestre serán as tarefas remitidas á profesora durante ese período e tamén, se a situación sanitaria o permite, as actividades de autocorrección propostas que deberán ser presentadas na data indicada.

Aqueles alumnos/-as que, unha vez aplicados estes criterios, non acaden unha cualificación suficiente para superar a materia, poderán presentarse a unha proba de recuperación sempre que a situación sanitaria o permita. Esta proba incluírá só contidos traballados nos dous primeiros trimestres. Deberán presentar igualmente as actividades realizadas no terceiro trimestre, que sumarán ata un punto á cualificación obtida no exame de recuperación. No caso de que non fose posible realizar una proba presencial, recorreríase a medios telemáticos para avaliar o alumno/a mediante probas e traballos.

ALUMNADO COA MATERIA DE LATÍN I PENDENTE.

O alumnado de 2º de Bacharelato que teña pendente de superar a materia de Latín de 1º deberá remitirle á profesora as tarefas requiridas ao alumnado de 1º, que servirán como instrumento para avalialos.

En Ribeira, a 11 de maio de 2020

Vituca Vidal Teira